CERTO
O Xornal Virtual do Barbanza

February 19, 2013

# Rianxo: o Día de Rosalía contará con actos este mércores 20 e o sábado 23

- A escritora e activista Luz Fandiño participará en ambos





Luz Fandiño na Galipedia

Rianxo, 19 de febreiro de 2013. No marco das actividades organizadas e promovidas pola ASOCIACIÓN DE ESCRITORES E ESCRITORAS EN LINGUA GALEGA, para conmemorar a figura de Rosalía de Castro, o Concello de Rianxo, en colaboración co Colexio Rural Agrupado do concello, organiza o seguinte programa conmemorativo:

- MÉRCORES 20 DE FEBREIRO - 16.30 horas - ESCOLA DE CRUCEIRO, TARAGOÑA

Lerán, contarán e cantarán a Rosalía coa colaboración das familias e Luz Fandiño

Organizado polo Club de Lectura de Literatura Infantil do CRA de Rianxo

- SÁBADO 23 DE FEBREIRO - 18.00 HORAS - NO BUSTO DE ROSALÍA EN RIANXO - PASEO DA RIBEIRA



Download full size (158 KB)

Lectura pública e Ofrenda Floral

Tamén coa presenza de Luz Fandiño, poderán participar todas aquelas persoas, entidades ou institucións rianxeiras interesadas en ler composicións propias ou alleas, do ou sobre a eximia poeta, para dar forma, deste xeito,  a un texto colectivo nado e dictado en Rianxo por iniciativa pública e popular,  na celebración do 150 aniversario da edición de "Cantares Gallegos".

Tamén en Rianxo:



- Cultura: obradoiro literario co brasileiro Amilcar Bettega o 20 e 21 deste mes

Noutros concellos:



- Noia: este sábado 23, conferencia sobre Rosalía e Cantares Gallegos